

ACTA Nº 40/10

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 4 DE OUTUBRO 2010

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.
D. Victor Pastoriza Lino
Dona Libertad Cruz Couso
D. Daniel Rodas Chapela.

Escusa a súa inasistencia D. Valentín Piñeiro González.

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na casa do Concello de Moaña, o 4 de outubro de 2010, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:10 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta dos borradores das actas das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local números 37 e 38/10, correspondente ás sesións do 13 e 20 de setembro de 2010.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobalas.

2.- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓNS APROBADAS POR AVOCACIÓN.

Dáse conta que nas resolucións nºs 478/10, do 28 de setembro, e na 481/10, do 30 de setembro de 2010, a Alcaldía avocou a competencia delegada á Xunta de Goberno para, o recoñecemento da obriga na 478, co obxecto do posterior pago dunha axuda de supervivencia; e na 481 para entregarlle 6 entradas-abonos da actividade XXII Circuitos de Teatro en Moaña ao IES “As Barxas” como cortesia por facilitar que a actividade se desenvolva no auditorio dese centro.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

3.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia das persoas interesadas que de seguido se relacionan e examinado o informe do técnico municipal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

3.A) EXPTE. 115/10 – D.^a M^a ESTHER RIOBÓ ARGIBAY presenta proxecto de construción auxiliar e muros de peche no barrio de Moureira, 148, Meira, redactado polo arquitecto técnico D. José Ponce Yáñez, visado o 13.07.2010.

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 28 de setembro de 2010, que literalmente di:

**ASUNTO: CONSTRUCCIÓN AUXILIAR E MUROS DE PECHE (O.MAIOR)
INFORME TÉCNICO. Procede licenza por resultar compatible coa normativa urbanística**

Non require informes sectoriais.

Altura máxima do peche a partir da rasante non superará os dous metros.

No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza subscrita polo arquitecto técnico municipal con data de 2 de setembro de 2010 para ordenanzas 1 das NN. SS de planemanto municipal.

Prohíbense voos a vía pública.

Cédese 00,00M/2, resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Constitúese fianza por un importe 00,00 euros, contía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo peticionario..

Supeficie da parcela según medición técnica ascende a 580,00 metros cadrados.

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

A eficacia desta licenza condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas últimas polo Concello e facultar a conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas pro informe xurídico:

A presente licenza aplicaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	342,51 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €
Cartel	110,00 €

3.B) EXPTE. 10/09 – UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A., representada por D. Fernando Val López presenta separata do proxecto LMT CT RBT Verdeal II nº

SGD 534208040001, redactada polo enxeñeiro industrial D. Rubén Menéndez Fernández, visado o 19 de maio de 2008.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 30 de setembro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: LMT, CT, RBT VERDEAL II

INFORME: Procede licenza.

Require informes sectoriais.

No expediente consta a aprobación do proxecto por parte da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria.

No expediente consta autorización da Deputación Provincial. Posición para a canalización das instalación a unha distancia mínima de 7,00 metros do eixo da estrada.

Retranqueo alindantes do CT será cndo menos de 2,50 metros,

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

3.C) EXPTE. 26/10 – D.^a ANA ISABEL SOTELO OUTEIRAL presenta proxecto básico e de execución de vivenda unifamiliar aillada na rúa Baixada ao Fuxón, do barrio do Igrexario – Tirán, redactado polo arquitecto D. Alfredo Bozzola Bondonno, visado o 12.01.2010.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 28 de setembro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA VIVENDA UNIFAMILIAR (O. MAIOR)

INFORME TÉCNICO: Procede licenza por resultar compatible coa normativa urbanística.

No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza subscrita polo arquitecto técnico municipal con data de 2 de xuño de 2010 para ordenanzas 2 das NN. SS de planeamento municipal

Non require informes sectoriais.

Cédense 173,00M/2, resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Constitúese fianza por un importe 2681,50 euros, contía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo peticionario.

O proxecto orixinal queda modificado na memoria e planos 45, 47, 48, 49, 50 e 51 visados polo COAG con data de 15/09/2010.

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

A eficacia desta licenza condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas últimas polo Concello e facultar a conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas pro informe xurídico:

A presente licenza aplicaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	3.700,00 €
Taxas licenza urbanística	462,50 €

Cartel 110,00 €
Taxas de saneamento..... 180,00 €

3.D) EXPTE. 178/07 – D. JOSÉ DEL RÍO SANTIAGO e D^a ALICIA MARTÍNEZ DURÁN

D. José del Río Santiago, por escrito con entrada no Concello o día 14 de agosto de 2010, expón que están a construír unha vivenda unifamiliar de acordo co proxecto presentado e a licenza con nº exptes. 178/07, concedida na Xunta de Goberno Local do 26 de novembro de 2007, e que pretende facer un cambio polo que achega modificado e solicita que se autorice.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 28 de setembro de 2010, que literalmente di:

Procede outorgamento de licenza a modificación do proxecto básico e de execución do expediente 178/07 inicialmente outorgada pola Xunta de Goberno Local de 26 de novembro de 2007 cuxos titulares resultan ser JOSE DEL RIO SANTIAGO e ALICIA MARTINEZ DURAN. Quedan reflectidas as modificacións no Anexo a memoria e nos planos AR2 e AR4 visados polo COAG con data de 18/06/2009.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción (diferenza polo modificado)..... 137,28 €
Taxas licenza urbanística (diferenza polo modificado)..... 17,16 €

4.- PECHE

Visto o expediente instruído a instancia do interesado que de seguido se relaciona e examinado o informe do técnico, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas señores asistentes, acorda conceder a licenza de peche, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia suxeición ós condicionamentos establecidos no devandito informe, e tralo pagamento das taxas correspondentes.

EXPTE. 141/10 – D. JESÚS PEREIRO SANTIAGO presenta memoria para realizar un cerramento de 75 ml con bloque ata 50 cm de altura e postes e malla ata os 150 cm de altura, situado na Pereira, en Reibón, na parroquia de Meira-Moaña.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 28 de setembro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: CERRAMENTO (O.MENOR)
INFORME: **Procede licenza.**

Non require informes sectoriais.
Retranqueo do eixo do camiño mínimo será de catro metros.

Altura máxima será de un metro de postes e tea metálica atendendo o disposto no artigo 42.1.c) e 104 da lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Prohíbese a fábrica de bloques.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción 74,20 €

Taxas licenza urbanística 65,00 €

5.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE APERTURA

EXPEDIENTE 35/10 – D.^a MARÍA JANET CORDEIRO VERDE

Vista a instancia presentada o día 19 de xullo de 2010 por Dona María Janet Cordeiro Verde, na que expón que rexenta un negocio de hostalaría na rúa Daniel Castelao, 37, que antes estaba a nome de Rosa Miranda Miranda.

Visto o informe do encargado do negociado de aperturas do día 3 de outubro de 2010, que literalmente di:

A petición do Concellal Delegado de Urbanismo, en data do 03.10.2010, en relación coa solicitude presentada por Dna. MARÍA JANET CORDEIRO VERDE, na data do 19.08.2010, pola que solicita o cambio de titularidade ó seu nome, dunha Licenza de Apertura de CAFETERIA, sito na rúa Daniel Castelao, nº 37, pertencente a Dna Rosa Miranda Miranda , teño a ben poñer no seu coñecemento o seguinte:

Que comprobado o Libro de Rexistro de Concesións de Licenzas de Apertura, **consta no mesmo**, Licenza Municipal de CAFETERÍA, sito na rúa Daniel Castelao, nº 37, pertencente a Dna Rosa Miranda Miranda, aprobada pola **Xunta de Goberno Local de data do 20.06.1998**.

Liquidación provisoria de tributos

Cambio de titularidade licenza de apertura 90 €

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade das persoas asistentes, o cambio de titularidade da licenza de apertura de CAFETERÍA sita na rúa Daniel Castelao, nº 37, pertencente a **D^a ROSA MIRANDA MIRANDA**, aprobada pola Xunta de Goberno Local de data **20.06.1998**, a favor de **D.^a MARÍA JANET CORDEIRO VERDE**.

6.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS

6.A) D. Carlos Rodríguez Freire, por escrito con entrada no Concello o día 15 de setembro de 2010, expón que lle caduca a licenza de obra do expte. 75/07, concedida por acordo da Xunta do 6 de novembro de 2007, e solicita unha prórroga por tres anos máis.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 28 de setembro de 2010, que literalmente di:

Ante a petición formulada por CARLOS RODRIGUEZ FREIRE titular dunha licenza (EXP.: 75/07) concedida en Xunta de Goberno Local de 6 de novembro de 2007 para un Proxecto básico de vivenda unifamiliar, a teor do disposto no apartado 2 do Artigo 197 da Lei 9/2002 de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia **procede conceder prórroga dos prazos outorgados na licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior o inicialmente acordado.**

Liquidación provisoria de tributos

Taxas prórroga licenza 35,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a prórroga solicitada, nos termos recollidos no informe do aparellador municipal.

6.B) EXPTE. 31/08 – D^a M^a GABRIELA PIÑEIRO COSTA, en representación de SANCHILÁN, S.L. solicita mediante instancia de entrada no rexistro do Concello o día 15 de xullo de 2008, reforma de instalacións e medidas medioambientais na Estación de Servizo para a súa adecuación á directiva europea 94/63/CEE.

Visto o informe do aparellador municipal do 1 de outubro de 2010 que literalmente di:

Procede licenza de apertura e posta en funcionamento para establecemento industrial destinado a **estación de servizos consistente na súa reforma e medidas medioambientais para a adecuación a directiva europea 94/63/CEE** a favor de **Estación de servizo Sanchilán, S.L.** . Actividade suxeita a licenza de apertura a teor do determinado no Artigo 22 Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

Licenza de obras e actividade nº 179/2008 outorgada en sesión da Xunta de Goberno Local celebrada o día 19 de outubro de 2009.

A ordenación de usos das NN.SS. de Planeamento Municipa determina a súa compatibilidade xa argumentada na licenza de obras e actividade.

A licenza urbanística de uso e obras outórgase definitivamente mediante unha única resolución simultánea coa licenza de actividade (artigo 196.2 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, reformada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro); a licenza de apertura unha vez incorporados ao expediente, con tramitación en peza separada para esta actividade non clasificada, do certificado final de obras do facultativo director das mesmas aos efectos de verificación que os locais e instalacións reúnen as condicións do proxecto, así como a Acta de Comprobación asinada polo Arquitecto Técnico Municipal e Inspector de Obras que queda adxunta ao expediente.

Vista a acta de comprobación asinada polo arquitecto técnico municipal e polo inspector de obras de data 1 de outubro de 2010, que literalmente di:

Aos efectos da ulterior licenza municipal de apertura e posta en funcionamento da actividade non clasificada destinada a **ESTACIÓN DE SERVIZO** cuxo titular resulta ser **ESTACIÓN DE SERVIZO SANCHILAN, S.L.** a cal declara a execución das obras de acordo coa licenza urbanística de obras e actividade (Expediente 179/2008) outorgada pola xunta de Goberno Local

celebrada o día 19 de outubro de 2009, o Arquitecto Técnico Municipal e Inspector de Obras corroboran a adecuación do local levantando a presente Acta de Comprobación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a **ESTACIÓN DE SERVICIO SANCHILÁN, S.L.** licenza de apertura e posta en funcionamento para establecemento industrial destinado a **estación de servizos consistente na súa reforma e medidas medioambientales para a adecuación á directiva europea 94/63/CEE**, en Sanchilán-Abelendo-Moaña, ao ser conforme á ordenación urbanística aplicable, debendo axustarse no seu exercicio ás condicións, limitacións e medidas correctoras establecidas polos servizos técnicos, de conformidade co disposto no artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

7.- RELACIÓN DE FACTURAS

7.A) Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda de data 22 de setembro de 2010 que textualmente di:

Vistas facturas presentadas polas entidades relacionadas, relación composta polo listado de rexistro de facturas número 192 e o anexo --- da presente proposta, xustificativas do gasto, é que ascende á cantidade acumulada de: 96.829,85 €.

Visto que todas as facturas están conformadas polos responsables de cada un dos servizos,

Vista a existencia de crédito suficiente e adecuado nas partidas do orzamento prorrogado do Concello de Moaña para o ano 2010,

Tendo en conta o cumprimento do disposto no artigo 59 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril e nas bases de execución do Concello de Moaña, para o ano 2010, sobre a acreditación da prestación,

Visto o disposto no artigo 21.1.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, no artigo 185,2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, e nas bases de execución do Concello de Moaña para o ano 2010 nos que se determina o órgano competente para o recoñecemento da obriga,

O Concelleiro de Facenda, PROPÓN á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas indicada, e presentadas polas entidades que de seguido se relacionan, por importe acumulado de: 96.829,85 euros,

ANEXO I			
Factura	Provedor	Partida	Importe
2100759	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	1610 60908	5.887,50
14/10	NOVOCONTORNO, S.L.	1550 21000	749,54
2068/10	GASOLEOS DO LEREZ, S.L.	3420 22103	534,60
E10/205	METAL FH ROSAL, S.L.	1340 20201	555,07
004/2010	A.S.C. ENREDOS	2310 22620	160,00

H/31	EMPRESA MONFORTE, S.A.	1320 20400	962,30
351/10	E.BERMUDEZ E HIJOS, S.L.	2310 22620	600,00
13	SALSALAU, S.L.	2310 22620	2.360,00
10010	URBASER, S.A.	1630 22700	19.543,56
233/10	CONGRESOS Y EXPOSICIONES, S.L.	2310 22620	2.242,00
586039	SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS	9200 22201	1.993,52
15/07	COSTIN BALCA (PROMAR-MEIRA)	1340 21400	1.931,14
584493	SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS	9200 22221	196,64
33128	GENERAL ELEVADORES XXI, S.L.	3210 21301	112,10
33148	GENERAL ELEVADORES XXI, S.L.	3320 21301	112,10
33149	GENERAL ELEVADORES XXI, S.L.	9200 21301	112,10
10011	URBASER, S.A.	1630 22700	19.543,56
Total anexo I			57.595,73

ANEXO II

Factura	Provedor	Partida	Importe
75/10	WURTH, S.L.	9200 16200	394,38
10118	VIROCEM, S.L. *	1510 22702	1.230,41
0202/10	SERVICIOS DIGITALES DEL ATLANTICO, S.L. *	9200 22000	2.192,40
1042	EMERGALIA, S.L.	1340 22199	400,30
0005	FERREIRO GONZALEZ, Francisco	4320 20303	297,37
084/2010	MONTAXES ANTEPAZO, S.L.	1610 60907	4.593,60
19038	FERNANDEZ GRAÑA, Carmen (Ttes.Antolín)	3340 22610	1.127,91
461740	S.E. DE CARBUROS METALICOS, S.A.	1550 22199	411,77
24/10	NOVOCONTORNO, S.L.	1720 62906	2.555,42
25/10	NOVOCONTORNO, S.L.	1340 22703	1.450,00
8078	JUCONS GALAICA, S.L.U.	1550 20300	53,10
105/2010	RUA RUA, F. David	1510 22114	110,16
104/2010	RUA RUA, F. David	1510 22114	385,58
103/2010	RUA RUA, F. David	1510 22114	275,41
102/2010	RUA RUA, F. David	1510 22114	220,33
101/2010	RUA RUA, F. David	1510 22114	55,08
106/2010	RUA RUA, F. David	9200 22699	424,80
250141	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	9200 22120	33,22
1002548	PIÑEIRO GUERRA, Maria del Carmen	3340 22610	22,66
210716	TELGA COMUNICACIONES, S.L.	1320 20800	90,81
10/07200	A & B LABORATORIOS, S.A.	1710 22109	438,48
100865	AMBULANCIAS RIAS BAIXAS, S.L.	4320 22609	400,00
32/2010	ANIMACIÓN CULTURAL PAPAVENTOS, E.A.	3320 22609	140,00
1001713	ALMACENES CANDUCHO, S.L.	1550 22199	2.116,07
0135/10	CYBERNOVA MOAÑA, S.L. *	9200 21600	351,87

10-481	EXTINTORES MARINEX, S.L.	4310 22199	127,44
10-481	EXTINTORES MARINEX, S.L.	9200 21300	29,08
19101	FERNANDEZ GRAÑA, Carmen (Ttes.Antolín)	3340 22610	236,00
10/5430	PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	1550 22104	354,65
201/A/541	ROMERO SOLIÑO, S.L.	1550 22199	1.181,62
7420	PAZ DISMAC, S.L.	9200 22000	252,13
60	RELE CALEFACCION, S.L.	3420 21301	460,20
1191/10	SANCHILAN, S.L.	1550 21400	794,00
8440	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN, S.L.	1340 22103	37,37
1192/10	SANCHILAN, S.L.	3420 22103	69,00
8436	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN, S.L.	9200 22103	85,11
8438	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN, S.L.	1320 22103	571,05
8437	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN, S.L.	1340 22103	1.381,05
8435	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN, S.L.	1550 22103	2.859,87
A 95	CHAPELA FERVENZA, José	1550 21400	811,97
3254	AGRICOLA ORENSANA, S.L.	1550 21400	419,90
0166	AGRICOLA ORENSANA, S.L.	1550 21400	784,51
A393	OBRAS Y SERVICIOS FERNANDEZ, S.L.	1550 22300	1.728,70
919/10	SANCHILAN, S.L.	1550 22103	20,21
101	CRUZ CARRO, Maria Isabel (Del Rio Sport)	3410 22601	88,50
A/78	INSTALACIONES ARTISTICAS IVAN, S.L.	4320 20202	3.540,00
675	MONTES COSTAL, Maria Luz *	2310 22110	54,16
674	MONTES COSTAL, Maria Luz	1550 22110	264,77
673	MONTES COSTAL, Maria Luz *	2310 22110	34,60
672	MONTES COSTAL, Maria Luz	1640 22110	29,82
671	MONTES COSTAL, Maria Luz	3210 22110	89,85
670	MONTES COSTAL, Maria Luz	3420 22110	303,63
669	MONTES COSTAL, Maria Luz	3420 22110	96,72
668	MONTES COSTAL, Maria Luz	9200 22110	122,83
667	MONTES COSTAL, Maria Luz	3210 22110	45,94
666	MONTES COSTAL, Maria Luz	4310 22110	94,62
665	MONTES COSTAL, Maria Luz	3340 22110	36,40
A325	OBRAS Y SERVICIOS FERNANDEZ, S.L.	1550 22300	1.829,00
1788748	R CABLE Y TELECOMUNIC. GALICIA SA *	2310 22200	58,37
45826	WOLTERS KLUWER ESPAÑA, S.A.	9200 22001	569,92
Total anexo II			39.234,12

TOTAL RELACION	96.829,85 €
---------------------------------	--------------------

Segundo.- Recoñecer as obrigas por importe acumulado de 96.829,85 euros a favor das entidades sinaladas e con cargo ás partidas indicadas, de acordo co orzamento prorrogado do Concello de Moaña.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ao departamento de Intervención do Concello de Moaña, aos efectos oportunos.

Visto o informe do interventor municipal de data 28 de setembro de 2010 no que emite reparo ao recoñecemento de gastos facturados por R CABLE Y TELECOMUNICACIÓN DE GALICIA e MONTES COSTAL, MARÍA LUZ orixinados por clubs de xubilados alleos ao Concello e ao recoñecemento de gastos facturados por SERVICIOS DIGITALES DEL ATLÁNTICO, S.L. o día 3 de maio de 2010,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda

Primeiro: levantar o reparo do interventor municipal por entender que son contratos menores e por entender estes gastos imputables ao Concello xa que os locais onde están eses clubs son de titularidade municipal.

Segundo: Aprobar a proposta nos seus xustos termos.

7.B) 2ª RELACIÓN DE FACTURAS COMISION DE FACENDA DE 28 DE SETEMBRO DE 2010

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda de data 28 de setembro de 2010 que textualmente di:

“Vista a relación de facturas presentadas polas entidades relacionadas, relación composta polo listado de rexistro de facturas número 193 e o anexo ___ da presente proposta, xustificativas do gasto, é que ascende acumulada de **45.678,52 €**.

Visto que todas as facturas están conformadas polos responsables de cada un dos servizos,

Vista a existencia de crédito suficiente e adecuado nas partidas do orzamento prorrogado do Concello de Moaña para o ano 2010,

Tendo en conta o cumprimento do disposto no artigo 59 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril e nas bases de execución do Concello de Moaña, para o ano 2010, sobre a acreditación da prestación,

Visto o disposto no artigo 21.1.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, no artigo 185,2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, e nas bases de execución do Concello de Moaña para o ano 2010 nos que se determina o órgano competente para o recoñecemento da obriga,

O Concelleiro de Facenda, PROPÓN á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas indicada, e presentadas polas entidades que de seguido se relacionan, por importe acumulado de **45.678,52 €** euros,

ANEXO I			
Factura	Provedor	Partida	Importe
14/10	PRETO DE TI, S.L.	2310 22703	2.227,33
13/10	PRETO DE TI, S.L.	2310 22703	8.146,22
20/10	PRETO DE TI, S.L.	2310 22703	9.072,43
21/10	PRETO DE TI, S.L.	2310 22703	2.772,68
27/10	PRETO DE TI, S.L.	2310 22703	8.826,93
28/10	PRETO DE TI, S.L.	2310 22703	2.931,86
35/10	PRETO DE TI, S.L.	2310 22703	8.670,70
36/10	PRETO DE TI, S.L.	2310 22703	3.030,37
Total anexo I			45.678,52

Segundo.- Recoñecer as obrigas por importe acumulado de 45.678,52 euros a favor das entidades sinaladas e con cargo ás partidas indicadas, de acordo co orzamento prorrogado do Concello de Moaña.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ao departamento de Intervención do Concello de Moaña, aos efectos oportunos.”

Visto o informe do interventor do 28 de setembro de 2010,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda levantar o reparo da Intervencion Municipal por entender que a tramitación e adjudicación do contrato se suxeitou aos pregos de licitación e normativa contractual, acordando aprobar a proposta do Concelleiro delegado de Facenda nos seus xustos termos.

8.- CERTIFICACION DA OBRA “ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA ESCOLA DE MÚSICA, (MOAÑA)”.

Dáse conta da certificación nº 4 da obra ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA ESCOLA DE MÚSICA (MOAÑA), presentada pola empresa PLYGEPE, S.L., asinada polo director de obra D. Javier Rial Lemos, así como da factura nº 10.099 de data 01/09/10, por importe de 3.757,49 euros, íve incluído.

Visto o informe de subcontratación presentado pola empresa,

Visto o informe do interventor municipal de data 4 de outubro de 2010, no que indica que se cumpren os requirimentos esixidos no PCAP para o pagamento das certificacións de obra, non así para o recoñecemento da obriga xa que nos pregos se esixe que ademais do informe de subcontratación se acheguen copias das facturas emitidas polos subcontratistas e, transcorrido o prazo, o xustificante do seu pagamento,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Aprobar a certificación nº 4 de data 01/09/10, por importe de 3.757,45 euros da obra “Acondicionamento de local para escola de música (Moaña)”.

Segundo: Requirirlle ao adxudicatario para que achegue a documentación sinalada no informe do interventor sobre copias das facturas emitidas polos subcontratistas e, se xa transcorrera o prazo, o xustificante do seu pagamento.

Terceiro: Aprobar a factura nº 10.099 da empresa adxudicataria PLYGEPE, S.L. polo importe de 3.757,49 euros, recoñecendo a obriga con cargo a partida 3250.63200.

9.- CERTIFICACION DA OBRA “REFORMADO CONSTRUCCIÓN DE PISTAS DE ATLETISMO NA XUNQUEIRA”.

Dáse conta da certificación nº 4 da obra “REFORMADO PISTAS DE ATLETISMO NA XUNQUEIRA (MOAÑA)” presentada pola UTE INTEPO-ANTALSIS, asinada polo director de obra D. José Luis Dominguez González, así como da factura nº 004 de data 17/09/10, por importe de 47.095,54 euros, ive incluído.

Visto o informe de subcontratación presentado pola empresa,

Visto o informe do interventor municipal de data 4 de outubro de 2010, no que formula informe de reparo por deficiencias relacionadas coa subcontratación, xa que segundo os pregos, deben achegarse copias das facturas emitidas polos subcontratistas e, transcorrido o prazo, o xustificante do seu pagamento.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Levantar o reparo emitido polo interventor municipal toda vez que os traballos subcontratados non superan o máximo permitido do 20%, e que se incorpore ao expediente a documentación referida no informe do interventor..

Segundo: Aprobar a certificación nº 4 de data 17/09/10, por importe de 47.095,54 euros da obra “Reformado pista de atletismo da Xunqueira (Moaña)”.

Terceiro: Aprobar a correspondente factura nº 004 da empresa adxudicataria UTE INDEPO - ANTALSIS. polo importe de 47.095,54 euros, recoñecendo a obriga con cargo a partida 3420.62200.

Cuarto: Requirirlle á adxudicataria para que achegue a documentación sinalada no informe do interventor sobre copias das facturas emitidas polos subcontratistas e, se xa transcorrera o prazo, o xustificante do seu pagamento.

10.- ADXUDICACION DEFINITIVA EXPEDIENTE DE CONTRATACION POR PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A

ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE EQUIPAMENTO PARA A ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA

En data 13 de setembro de 2010, a Xunta de Goberno acordou adxudicar provisoriamente, por procedemento negociado sen publicidade, o contrato de subministro de equipamento para a escola municipal de música á empresa LOGICA EQUIPAMIENTOS INTEGRALES S.L., polo prezo de CINCOENTA E CINCO MIL TRESCENTOS CORENTA E CINCO EUROS E TRINTA E DOUS CENTIMOS (55.345,32 euros), (46.902,81 + 8.442,51 euros de 18% de IVE) un prazo de execución de 20 días e as características técnicas do material recollidas na oferta.

O acordo de adxudicación provisoria foi notificado ao adxudicatario en data 20 de setembro de 2010.

O acordo de adxudicación provisoria foi publicado no perfil do contratante do órgano de contratación o día en data 16 de setembro de 2010.

En data 22 de setembro o adxudicatario provisorio presenta ante o Concello, certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias, recibo de pago do IAE, e de estar ao corrente ca Seguridade Social.

De conformidade co previsto nos pregos de cláusulas administrativas do contrato, pola presente, **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Declarar válida a licitación e adxudicar definitivamente o contrato de subministro de equipamento para a escola municipal de música á empresa LOGICA EQUIPAMIENTOS INTEGRALES S.L. por importe de CINCOENTA E CINCO MIL TRESCENTOS CORENTA E CINCO EUROS E TRINTA E DOUS CENTIMOS (55.345,32 euros), (46.902,81 + 8.442,51 euros de 18% de IVE) un prazo de execución de 20 días e as características técnicas do material recollidas na oferta.

SEGUNDO.- Requirir do adxudicatario para que no prazo de 15 días hábiles dende a notificación da adxudicación definitiva, se persone nas dependencias municipais para subscribir o documento administrativo de formalización do contrato, conforme ao modelo previsto.

TERCEIRO.- Publicar este acordo no perfil do contratante do órgano de contratación e notificalo ao adxudicatario e demais licitadores.

11.- ADXUDICACION DEFINITIVA EXPEDIENTE DE CONTRATACION POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DO SUBMINISTRO DUN VEHICULO POLO SISTEMA DE RENTING PARA A POLICIA LOCAL

En data 6 de setembro de 2010, a Xunta de Goberno acordou adxudicar provisoriamente, por procedemento negociado sen publicidade, o contrato de subministro dun vehiculo polo sistema de renting para a policia local á empresa FINANCIJA AUTORENTING S.A. (BBVA) por importe de 48.971,52 euros, IVE incluído, con unha cuota mensual de 1.360,32 IVE incluído, durante 36 meses, 60.000 Km/ano, con todas as condicións e accesorios recollidos nas bases.

O acordo de adxudicación provisoria foi notificado ao adxudicatario en data 14 de setembro de 2010.

O acordo de adxudicación provisoria foi publicado no perfil do contratante do órgano de contratación o día en data 16 de setembro de 2010.

En data 30 de setembro o adxudicatario provisorio remite, por correo certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias, recibo de pago do IAE, e de estar ao corrente ca Seguridade Social.

Asemesmo remite aval bancario por importe de 2.448,58 euros.

De conformidade co previsto nos pregos de cláusulas administrativas do contrato, pola presente, **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Declarar válida a licitación e adxudicar definitivamente o contrato de subministro dun vehículo polo sistema de renting para a policía local á empresa FINANCIA AUTORENTING S.A. (BBVA) por importe de 48.971,52 euros, IVE incluído, con unha cuota mensual de 1.360,32 IVE incluído, durante 36 meses, 60.000 Km/ano, con todas as condicións e accesorios recollidos nas bases.

SEGUNDO.- Dispoñer o gasto, por importe de 48.971,52 euros, con cargo a partida 1320.20400 do vixente orzamento municipal.

TERCEIRO.- Requirir do adxudicatario para que no prazo de 10 días hábiles dende a notificación da adxudicación definitiva, se persone nas dependencias municipais para subscribir o documento administrativo de formalización do contrato, conforme ao modelo previsto.

CUARTO.- Publicar este acordo no perfil do contratante do órgano de contratación e notificalo ao adxudicatario e demais licitadores.

12.- PAGAMENTO DE CUSTAS DO PROCEDIMENTO ORDINARIO 4990/1997

A Sala do Contencioso-Administrativo sección 2, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, por auto do 9 de xullo de 2010, no procedemento ordinario 4990/1997 acordou que se requira ao alcalde para que proceda ao pagamento das costas taxadas do procedemento, aprobadas por auto de data 12.06.2001, por importe de 933,47 euros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda que se recoñeza a obriga por importe de 933,47 euros en concepto de pagamento de custas do procedemento ordinario 4990/1997 - Carlos del Pulgar Sabin, imputándoa á partida 9200 – 22624 RC 1395, para o seu posterior pagamento.

13.- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS E AVAIS

13.A) D.^a Blanca Fernández Rodríguez, por escrito do 22 de xuño de 2010, expón que obtivo licenza de primeira ocupación unha vivenda unifamiliar situada en Outeiro-Meira, nº expte. 153/2007, e solicita a devolución da fianza por devolución.

Visto o informe favorable á devolución do arquitecto técnico do Concello, xa que indica que as obras de urbanización da cesión do terreo resultante da aplicación da aliñación oficial sobre a parcela están totalmente rematadas e se adaptan ás características técnicas especificadas no proxecto, e que a licenza de primeira ocupación esta aprobada pola Xunta de Goberno do 31 de maio de 2010,

Visto o informe da tesoureira do 27 de setembro de 2010, **favorable á devolución** da fianza depositada por importe de 1.161,12 euros, a favor de BLANCA FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda a devolución solicitada da fianza depositada por importe de 1.161,12 euros, a favor de BLANCA FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, cuxo nif recolle o informe da tesoureira.

13.B) D. Antonio Pérez Pérez, en representación da empresa Excavaciones y Construcciones Manuel Pérez Portela, S.L., por escrito con entrada no Concello o día 20 de setembro de 2010, solicita a devolución da garantía definitiva que presentaron para responder da obra “Pavimentación do Camiño de Cadabón”, por un importe de 1.632,84 euros.

Visto o informe do secretario do 22 de setembro de 2010, no que indica que procede a devolución unha vez que se obteña o informe favorable do director da obra,

Visto o informe favorable á devolución do arquitecto técnico municipal, datado o 27.09.10,

Visto o informe da tesoureira do 4 de outubro de 2010, **favorable á devolución** da fianza depositada por importe de 1.632,84 euros, a favor de MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda a devolución solicitada da fianza depositada por importe de 1.632,84 euros, a favor de EXCAVACIONES Y CONTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L., cuxo cif recolle o informe da tesoureira.

13.C) D. Antonio Pérez Pérez, en representación da empresa Excavaciones y Construcciones Manuel Pérez Portela, S.L., por escrito con entrada no Concello o día 4 de agosto de 2010, solicita a devolución da garantía definitiva que presentaron para responder da obra “Pavimentación do camiño municipal do Rosal ás Abilleiras”, por un importe de 4.107,75 euros.

Visto o informe do secretario do 22 de setembro de 2010, no que indica que procede a devolución unha vez que se obteña o informe favorable do director da obra,

Visto o informe favorable á devolución do arquitecto técnico municipal, datado o 27.09.10,

Visto o informe da tesoureira do 4 de outubro de 2010, **favorable á devolución** da fianza depositada por importe de 4.107,75 euros, a favor de MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda a devolución solicitada da fianza depositada por importe de 4.107,75 euros, a favor de EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L., cuxo cif recolle o informe da tesoureira.

13.D) D. Antonio Pérez Pérez, en representación da empresa Excavaciones y Construcciones Manuel Pérez Portela, S.L., por escrito con entrada no Concello o día 2 de setembro de 2010, solicita a devolución da garantía definitiva que presentaron para responder da obra “Pavimentación da rúa da Canexa”, por un importe de 3.832,91 eros.

Visto o informe do secretario do 22 de setembro de 2010, no que indica que procede a devolución unha vez que se obteña o informe favorable do director da obra,

Visto o informe favorable á devolución do arquitecto técnico municipal, datado o 27.09.10,

Visto o informe da tesoureira do 4 de outubro de 2010, **favorable á devolución** da fianza depositada por importe de 3.832,91 euros, a favor de MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda a devolución solicitada da fianza depositada por importe de 3,832,91 euros, a favor de EXCAVACIONES Y CONTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L., cuxo cif recolle o informe da tesoureira.

13.E) D. Carlos Garcia Santos, en representación de ALDAO GONZALEZ SUSANA SLNE, expón que presentaran aval para responder da adxudicación do servizo de axuda no fogar, por importe de 11.945,66 euros.

Visto o informe do secretario do 29 de setembro de 2010, no que indica que procede a devolución e que procedería que se incorporase informe de Servizos Sociais,

Visto o informe da traballadora social do 29 de setembro de 2010 no que recolle que Aldao González Susana rematou coa prestación dos seus servizos, con data 30 de abril de 2010 e dende xaneiro de 2007, de forma satisfactoria sen quedar cuestión ningunha pendente de rematar.

Visto o informe da tesoureira do 4 de outubro de 2010, **favorable á devolución** da fianza depositada por importe de 11.945,66 euros, a favor de ALDAO GONZÁLEZ SUSANA.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda a devolución solicitada da fianza depositada por importe de 11.945,66 euros, a favor de ALDAO GONZÁLEZ SUSANA., cuxo cif recolle o informe da tesoureira.

14.- ACORDO POLA QUE SE DECLARA A XUBILACIÓN FORZOSA DO FUNCIONARIO

Visto que, con data 6 de outubro de 2010, D. José María Fernández Lorenzo, funcionario do Concello no posto de traballo de enterrador cumpre sesenta e cinco anos de idade, data de xubilación regulamentaria na función pública.

Visto que o funcionario, mediante instancia presentada no Rexistro Xeral co número 7146 de data 9 de setembro de 2010 solicita a prolongación de permanencia no servizo activo por dous anos máis.

Visto o informe da Secretaría Municipal, de data 21 de setembro de 2010.

Atendendo ao disposto no artigo 67. 3 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP): *”La jubilación forzosa se declarará de oficio al cumplir el funcionario los sesenta y cinco años de edad. No obstante, en los términos de las Leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto, se podrá solicitar la prolongación de la permanencia en el servicio activo como máximo hasta que se cumpla setenta años de edad. La Administración Pública competente deberá de resolver de forma motivada la aceptación o denegación de la prolongación”*.

Atendendo ao disposto no artigo 49 do Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia, que determina que a solicitude por escrito da ampliación do servizo activo deberá presentarse cunha anticipación de dous meses á data da xubilación.

Atendido o artigo 138.1.e do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, segundo o cal a xubilación supón a perda da condición de funcionario.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Desestimar a solicitude presentada por D. José María Fernández Lorenzo de prolongación de permanencia no servizo activo por dous anos máis por incumplir o prazo de antelación mínima da solicitude e polo interese do Concello na reorganización do servizo

Segundo.- Declarar a xubilación de D. José María Fernández Lorenzo, funcionario deste Concello, con data 6 de outubro de 2010.

Terceiro.- Comunicar o presente acordo ao interesado e as unidades administrativas correspondentes para coñecemento e efectos, en especial para a súa anotación no Rexistro de Persoal.

15.- SOLICITUDE DE XUBILACIÓN DUN TRABALLADOR

D. Jesús Pereira Barreiro, traballador fixo en réxime laboral deste Concello, solicita xubilarse por motivos familiares o próximo 31 de decembro de 2010

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a xubilación de D. Jesús Pereira Barreiro en data 31 de decembro de 2010, dándoselle de baixa na citada data, facendo constar que segundo convenio do persoal laboral debería estar xubilado dende o 24 de abril de 2008, sen que mediase solicitude de ampliación da idade de xubilación por parte do interesado.

16.- ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA: APERTURA DE PRAZO PARA MATRÍCULA 18 PRAZAS DE NOVO INGRESO E APROBACIÓN LISTA DE ESPERA.

Vista a proposta do concelleiro de Cultura do 4 de outubro de 2010, que di:

O Concello de Moaña vai proceder a abrir o prazo de Formalización da Matrícula para 18 prazas de novo ingreso na Escola Municipal de Música para o curso 2010-11, de acordo coas especificacións incluídas no informe do Director do Centro que se achega. Asimesmo inclúese os listados de rexistro dos solicitantes de praza que pasan ó listado de espera.

Solicítase da Xunta de Goberno a aprobación da actividade nos términos expresados no citado informe.

Visto o informe do do director da Escola Municipal de Música, que di:

1) CONVOCATORIA PARA A FORMALIZACIÓN DAS MATRICULAS DE NOVO INGRESO NA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA:

Segundo as prazas ofertadas no texto aprobado en xunta de Goberno do 19 de xullo de 2010, procédese, unha vez rematado o prazo de solicitude de praza, á convocatoria para formalizar a matrícula segundo as seguintes especificacións:

-Prazo: **mércores 6 a venres 15 de outubro.**

-Procedemento:

1 **Do 06 ó 15 de outubro de 2010** formalizarase a reserva de praza mediante o pago da taxa de matrícula e a cota correspondente ao 1º Trimestre do curso 2010-11 no número de conta do Concello de Moaña: **2080 0529 05 0040000800**

Constará en concepto:

1. Matrícula Escola Municipal de Música.
2. nome do alumno
3. nome do pai/nai/titor

As contías ascenden a:

TIPO de COTA	SEN DESCONTO		DESCONTO 25%		DESCONTO 50%	
	MATRÍCULA ANUAL	COTA TRIMESTRAL	MATRÍCULA	COTA TRIM.	MATRÍCULA	COTA TRIM.
INICIACIÓN MUSICAL	35€	21€	26,25	15,75	17,50	10,50
INSTRUMENTO 1º curso	45€	36€	33,75	27	22,50	18

2. Do 06 ó 15 de Outubro de 2010 o alumnado deberá presentar nas dependencias da Escola, en horario de clase, o xustificante de pago que tanto pode ser o resguardo de cor amarelo coma o boletín de matrícula co selo e sinatura da oficina bancaria conforme as contías están pagas.

A lista de preinscritos con dereito a matrícula e o importe correspondente a pagar despois de cotexar datos e comprobar dereitos de bonificacións é:

Preinscritos de Inciación musical:

Nome do/a Alumno/a	Pai, nai, titor	materia	Importe
BORJA SUAREZ DIAZ	XOSE DIAZ COSTA	INICIAC 4	35€+21€
BRAIS SANTOME SIERRA	RENATA SIERRA CASTELO	INICIAC 4	35€+21€
MANUEL JUNCAL PEREZ	MIGUEL ANGEL JUNCAL RUA	INICIAC 4	35€+21€
MARA MORA RIVAS	MONICA RIVAS OTERO	INICIAC 4	35€+21€
RENE DEL RIO CONDE	LORETO CONDE ROSALES	INICIAC 5	35€+21€
BRAIS CORTEGOSO MARTNZ	MARIA Y. MARTINEZ MARTINEZ	INICIAC 5	35€+21€
ESTEVO SANTAMARINA PUGA	ALDAN SANTAMARINA CORRAL	INICIAC 5	35€+21€
NATALIA FERVENZA COUSO	BELEN COUSO CHAPELA	INICIAC 5	35€+21€
LIYIA MARIA VEGA GESTIDO	MARIA DEL CARMEN GESTIDO	INICIAC 6	35€+21€
LUCIA CANCELAS ALVAREZ	PILAR ALVAREZ COSTA	INICIAC 6	35€+21€
NOA MARTINEZ FERNANDEZ	MARTA FERNANDEZ GONZALEZ	INICIAC 6	35€+21€
MALENA PAREDES PIÑEIRO	MIGUEL PAREDES LORENZO	INICIAC 7	35€+21€
AINHOA PIDRE MEIRA	CELESTE MEIRA CORRALES	INICIAC 7	35€+21€

Preinscritos en formación instrumental:

Nome do/a Alumno/a	Pai, nai, titor	materia	Importe
CLAUDIA FERNANDEZ MALVIDO	FELIX FERNANDEZ GIRALDEZ	FRAUTA 1	45€+36€
ANDREA REFOJOS ABAL	MELANIA ABAL FERRADAS	BOMBARDNO1	45€+36€
ANDRE CHAPELA GONZALEZ	LUCIA GONZALEZ SANTOME	TROMBON 1	45€+36€
CELIA MOLARES VALVERDE	ADULTA	PIANO 1	45€+36€
CARMEN RIOBO PASTORIZA	ADULTA	FRAUTA 1	45€+36€

2º- REXISTRO DA DEMANDA EN LISTA DE ESPERA CORRESPONDENTE A INICIACION MUSICAL E FORMACION INSTRUMENTAL

O uso dos listados de espera ven estipulado polo regulamento Interno da Escola.

LISTADO INICIACIÓN MUSICAL:

NOME DO SOLICITANTE	ANO NACEM.	DATA SOLICITUDE
OLALLA BERNARDEZ GARCIA	2006	13/09/2010
SERGIO PEREZ MARTINEZ	2006	17/09/2010
MARIA MARTIN GARCIA	2006	21/09/2010
LAURA GONZALEZ LONGUEIRA	2005	13/09/2010
DIEGO BERNARDEZ GARICA	2005	13/09/2010
SAMUEL CORDEIRO GUTIERREZ	2005	14/09/2010
SERGIO RODRIGUEZ GOMEZ	2005	21/09/2010
BRAIS CASAS COSTA	2004	13/09/2010
HECTOR JUNCAL PEREZ	2004	13/09/2010
MANUEL MORA RIVAS	2004	13/09/2010

LISTADO FORMACION INSTRUMENTAL

NOME do posible ALUMNO	DATA NACEMENTO	INSTRU- MENTO.	2ª OPCIÓN	DATA DA SOLICITUDE
JAIME TENORIO COSTA	12/06/2001	FRAUTA	PIANO	13/09/2010
ANA VILLAR GERMADE	18/07/2002	FRAUTA	OTROS	13/09/2010
ROSANA LAGO LOPEZ	16/03/1998	PIANO		13/09/2010
XEILA LAGO LOPEZ	21/09/1999	PIANO		13/09/2010
RAUL VILARIÑO GONZALEZ	17/07/2001	FRAUTA		13/09/2010
ELSA PAZO RIOBO	24/108/1997	FRAUTA		13/09/2010
RUTH CASTELEIRO SASTRE	15/11/1998	FRAUTA		13/09/2010
ILIAN FARUCCI SANLUIS	20/11/1999	PIANO	TROMBN	13/09/2010
VANESA RIOS SEOANE	19/04/1980	CLARINETE	SAXO	15/09/2010
XOAN LUARES FANDIÑO	24/02/1968	CLARINETE	TROMPETA	24/09/2010
AMARA SANTOME SIERRA	21/04/2002	TUBA	BOMBARD NO	28/09/2010

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda Primeiro: aprobar a relación de preinscritos en iniciación musical e en formación instrumental e a apertura de prazo para a formalización da matrícula, de acordo cos prezos públicos en vigor e informe do director da Escola Municipal de Música. Segundo: Aprobar a relación de alumnos incluídos na lista de espera de iniciación musical e formación instrumental.

17.- TERRAZAS

D. Martín Núñez Riobó , por escrito do 9 de xuño de 2010, expón que é o propietario do café bar Frappo's na rúa As Barxas, 39 e que quere instalar unha terraza de 20 m2 con mobiliario de nova adquisición, para o que pide adquisición. Achega orzamento por importe de 1.893,58 euros e localización.

Visto o artigo 5.3 da Ordenanza reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público municipal con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a solicitude de instalación de terraza **tralo pagamento** das taxas correspondes, cuxa liquidación efectuarase aplicando a tarifa reducida por investimentos realizados en mobiliario.

18.- VADOS

18.A) D. José Pastoriza Martínez, por escrito do 31 de agosto de 2010, solicita un vado permanente e pintado de liña amarela na porta do seu garaxe, na rúa Daniel Castelao 2ª,

para o que presenta o recibo de pago das taxas por un importe de 39,75 euros (6 € entrada de vehículos, 18,75 € pasaxe permanente, 15 € do sinal)

Visto o informe do inspector xefe da Policía local do 3 de setembro de 2010, onde di que procede conceder dita sinalización á altura da Senra núm. 15 (xa que é o lugar onde está o garaxe e non en Daniel Castelao, 2ª), e que presenta unha entrada de 3 metros e 3 plazas de garaxe no interior

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o vado solicitado por D. José Pastoriza Martínez, en A Senra nº 15, cunha entrada de 3,00 metros, polo cal presenta o recibo de taxas por un importe total de 39,75 € e que se notifique o presente acordo á Recadación municipal

18.B) D. Ramiro Gil Esperón, por escrito do 16 de setembro de 2010, solicita un vado permanente para 2 prazas de garaxe na rúa Miguel Enríquez, para o que presenta o recibo de pago das taxas por un importe de 42,22 euros (6,60 € entrada de vehículos, 20,62 € pasaxe permanente, 15 € do sinal).

Visto o informe do inspector xefe da Policía local do 22 de setembro de 2010, onde di que contestando á petición promovida pola comunidade de propietarios do edificio “Bahia”, sito na Avda. José Costa Alonso nº 24, no que se solicita unha pasaxe permanente, informa que o edificio ten unha entrada de garaxe pola rúa Miguel Enríquez, o ancho de entrada ao garaxe é de 3,30 metros e no interior estacionarán dous turismos e esa entrada presenta rebaixe na beirarrúa.

Visto o informe do inspector de obras do día 22 de setembro de 2010 que indica que se encontra en zona urbana

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o vado solicitado por D. Ramiro Gil Esperón, na rúa Miguel Enríquez –parte traseira do edificio sito na Avda. José Costa Alonso, 24, cunha entrada de 3,30 metros, polo cal presenta o recibo de taxas por un importe total de 42,22 € e que se notifique o presente acordo á Recadación municipal

19.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as seguintes conexións:

	Servizo	Lugar	Taxas €	Informe favorable
MARINA ISABEL DEL RÍO POMBAL	Auga, uso industrial	Ramón Cabanillas, 1	Taxas conexión 60,00 € Fianza.....20,00 €	Aqualia
CÁNDIDO MOREIRA COUSO	Saneamento, uso doméstico	Marrúa, 66	D ^{os} conexión180,00 €	Aqualia Arquitecto técnico

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 20:02 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.